




FORMACIÓN
PARA O
DESEMPEÑO
EXCEPCIONAL
DA FUNCIÓN DOCENTE



5. PARA SEGUIR FORMÁNDOTE



A formación do profesorado que imparte as ensinanzas de Formación Profesional

O profesorado de [Formación Profesional](#), pola súa especificidade e polo contacto cunha realidade moito máis técnica e en constante cambio, merece unha especial mención cando estamos a falar de formación do profesorado.

Por iso, xunto co Plan anual de formación do profesorado e tendo en conta que toda a formación se canaliza tamén a través de Fprofe, temos que referirnos ás asesorías dos distintos Centros de Formación e Recursos e do CAFI que traballan con este colectivo e que tratan de abarcar a demanda formativa de todas as familias profesionais.



Xunto a iso, dentro da [Subdirección Xeral de Formación Profesional](#) tamén se organizan actividades formativas ao longo do curso ás que é importante estar atentos e atentas. E, en todo caso, é un espazo de referencia tamén para todo este profesorado e por iso convén coñecer cales son as súas liñas de traballo.

Tamén é destacable a formación que se pon en marcha para o profesorado de FP a través de eventos e congresos como o [FP Innova](#), Congreso de Innovación na Formación Profesional.



Queremos, por último, chamar a atención sobre dúas liñas de formación específicas que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, como responsable da



planificación da formación do profesorado, convoca para o profesorado que imparte docencia nas ensinanzas de formación profesional en centros públicos:

1ª. [Os Proxectos de Formación \(PFFP\)](#). Esta modalidade de formación desenvólvese nos propios centros educativos, favorece e estimula o traballo en equipo do profesorado e propicia a innovación, a mellora da práctica docente e a actualización científico-técnica, de modo que incida na mellora da educación.

2ª. [As Estadías Formativas en Empresas](#). Esta modalidade de formación desenvólvese nos centros de traballo de distintas empresas para potenciar o coñecemento directo dos procesos produtivos que se levan a cabo dentro delas.

